

ACTA DE ENTREGA AO CONCELLO DE MOAÑA DO DOMINIO PÚBLICO VIARIO (DPV) SOBRE O TÚNEL DA AG-46, AFECTADO POLO CASTRO DE MONTEALEGRE

COMPARECEN

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Leticia Santos Paz, alcaldesa do Concello de Moaña, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Moaña manifestou o seu compromiso de asumir a titularidade dos terreos correspondentes ao castro de Montealegre, condicionada á previa delimitación, limpeza e sinalización previa do terreo.

A Axencia Galega de Infraestruturas encargou a execución dos traballos correspondentes que foron finalizados. A acta de conformidade relativa a estes traballos foi asinada o día 29 de abril de 2026.

Segundo. O dominio público viario obxecto da transferencia corresponde á superficie situada sobre o túnel da AG-46, afectado polo castro de Montealegre, comprendido entre o p.q. 0+640 e o p.q. 0+710 da AG-46, cunha superficie total de 9.101 m².

A transferencia desta superficie non supón a interrupción da continuidade funcional nin dos itinerarios da estrada AG-46, que se manteñen a través do túnel existente baixo os terreos obxecto da transferencia.

Terceiro. Mediante o Decreto 87/2026, do 27 de xullo, (DOG núm.147 do 6 de agosto de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Moaña do dominio público viario (DPV) sobre o túnel da AG-46, afectado polo castro de Montealegre.



Cuarto. De conformidade co disposto no artigo 2 do citado decreto, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* , mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En consecuencia, e en cumprimento do disposto no Decreto 87/2026, do 27 de xullo, así como do establecido no artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar a entrega ao Concello de Moaña do seguinte dominio público viario da Rede autonómica de estradas de Galicia, nos termos establecidos no Decreto 87/2026, do 27 de xullo:

Transferencia	Inicio	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Final	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Superf. DPV (m ²)
DPV sobre o túnel da AG-46, afectado polo castro de Montealegre	p.q. 0+640 AG-46	X = 527.196 y = 4.682.357	p.q. 0+710 AG-46	X = 527.125 y = 4.682.380	9.101


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

A alcaldesa do Concello de Moaña, Leticia Santos Paz

ANEXO I . PLANOS





527.100

527.200

Inicio/Final da transferencia ou Pk ref.

UTM X

UTM Y

Inicio Pk 0+640 AG-46

527.196

4.682.357

Final Pk 0+710 AG-46

527.125

4.682.380

1:1.500

Nº

Superficie DPV transferencia

Área (m²)

1

DPV en Castro de Montealegre

9.101

4.682.500

4.682.400

4.682.300

4.682.200

4.682.500

4.682.400

4.682.300

4.682.200

Final Pk 0+710 AG-46

AG-46

Inicio Pk 0+640 AG-46

Castro de Montealegre

Cambio de titularidade a prol do Concello de Moaña do DPV sobre o túnel da AG-46 afectado polo Castro de Montealegre

Castro de Montealegre (Elemento catalogado como Patrimonio Cultural)



Puntos quilométricos de referencia

 Superficie de DPV obxecto da transferencia ao Concello Dominio público viario (DPV) segundo expropiación PO/12/070.01.1-M1 Eixo viario autonómico Fito quilométrico autonómico

527.100

527.200